

QUE É O CAMBIO CLIMÁTICO

A atmosfera regula a temperatura da Terra de maneira similar a un invernadoiro: a radiación solar quenta a superficie terrestre e parte desta calor é reemitida ao espazo en forma de radiación infravermella. O gas CO₂, presente na atmosfera en pequenas cantidades, atrapa esta radiación calorífica evitando que a Terra se enfríe e mantendo a temperatura en torno aos 15°C de media, en lugar dos -20°C que habería sen este efecto invernadoiro natural.

Ao longo da súa historia de catro mil cincocentos millóns de anos, o noso Planeta experimentou contínuos cambios que afectaron a súa xeoloxía, atmosfera, clima, distribución de terras e mares, paisaxe, orixe e evolución da vida, etc, polo que os cambios son habituais na historia da Terra, eso sí, estes cambios de orixe natural son moi lentos.

O problema actual prodúcese porque numerosas actividades humanas derivadas do modelo económico no que vivimos, están a alterar a composición da atmosfera ao aumentar a cantidade de CO₂, provocando un maior efecto invernadoiro e o aumento da temperatura terrestre. A consecuencia é clara: **os seres humanos estamos alterando o clima da Terra, a un ritmo acelerado e de forma grave e irreversible, se non tomamos medidas urxentes para frenalo.**

Segundo o Cuarto Informe Científico Internacional IPCC (París, 2007), a humanidade atópase ante o reto máis importante do século XXI:

O QUENCEMENTO GLOBAL OU AUMENTO DA TEMPERATURA DA TERRA POR CAUSAS HUMANAS QUE DARÁ LUGAR A GRAVES PERTURBACIÓNS PARA TODO O PLANETA E A BIOSFERA.

CALES SON AS ACTIVIDADES HUMANAS RESPONSABLES DO CAMBIO CLIMÁTICO

Todas aquelas que produzan gases con efecto invernadoiro (principalmente CO₂ e metano) como:

- Uso de combustibles fósiles (carbón, petróleo, gas e derivados) en centrales térmicas para producir electricidade, na industria, transporte e calefacción.
- Deforestación (os vexetais atrapan CO₂)
- Emisións de metano en refinerías, pantanos, vertedoiros.

Para máis información:

www.climantica.org



CONSECUENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Fusión de glaciares: aumento do nivel do mar, inundación de zonas costeiras e retroceso de praias e deltas.

Aumento da temperatura media da Terra, avance do deserto e menor cantidade de neve e auga doce.

Maior frecuencia de fenómenos meteorolóxicos extremos como sequías e olas de calor, pero tamén inundacións e choivas torrenciales por alteración global da circulación de ventos e correntes mariñas.

Extinción de especies animais e vexetais, cambios na distribución da vexetación, floración e polinización así como da conducta animal (hibernación, migración).

Consecuencias económicas, sociais e para a saúde.

QUE PODEMOS FACER PARA FRENALO

Esixir o cumprimento do Protocolo de Kyoto: reducir as emisións de CO₂ e metano e aumentar de forma significativa o uso de enerxías renovables e limpas.

Diminuír o consumo enerxético fomentando o aforro, con medidas similares as seguintes:

- Esixir transporte público eficaz e usar menos, moito menos, os vehículos privados.
- Utilizar electrodomésticos de baixo consumo e regular a calefacción - refrixeración evitando perdas e mantendo temperaturas razoables.
- Contribuír á reciclaxe e gastar menos envases desechables.

Evitar incendios, colaborar en plantacións e usar papel reciclado para frenar a deforestación.

